

**PLAN DE PROMOCIÓN A PROFESOR/A TITULAR E CATEDRÁTICO/A
NA UNIVERSIDADE DE VIGO
(Aprobado no Consello de Goberno de 20 de marzo de 2019 e modificado no
Consello de Goberno do 24 de novembro de 2025)**

I. MARCO LEGAL

O panorama lexislativo dos últimos anos, marcado polas diferentes *Leyes de Presupuestos Generales del Estado* anuais, xunto coa *Ley Orgánica 2/2012 de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera*, supuxo cambios importantes no referente ás restricións de incorporación de novo persoal ás entidades que integran o sector público, na que se inclúen as universidades públicas, con particular incidencia no caso do acceso ao funcionariado por parte do PDI, e da promoción dentro dos seus corpos. Ademais, este marco, lonxe de amosar estabilidade, sufriu modificacións relevantes ano a ano no referente a aspectos como as porcentaxes de taxa de reposición permitidas, reserva de porcentaxes específicas da taxa de reposición para determinados colectivos, ou a consideración das prazas que quedan vacantes como consecuencia do acceso a unha praza dos corpos docentes universitarios.

Certamente, outra modificación relevante, no que se refire á promoción do profesorado, vén dada polo artigo 71 da *Ley Orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, del Sistema Universitario (LOSU), que establece que *“Las universidades establecerán programas de promoción interna, que estén dotados en el estado de gastos de su presupuesto, para el acceso desde la categoría de Profesora y Profesor Titular de Universidad y de Profesora y Profesor Permanente Laboral a otra de superior categoría. Las plazas de estos programas no podrán superar el número máximo de plazas que sean objeto de la Oferta de Empleo Público de turno libre, en ese mismo año, para el acceso a los cuerpos docentes del artículo 68 y de Profesorado Permanente Laboral. Sólo podrán acceder a dichas plazas profesoras y profesores que hayan prestado, como mínimo, dos años de servicios efectivos en el puesto de origen y que estén acreditados para la categoría a la que promocionan. La universidad regulará, en su normativa interna, el procedimiento a seguir en los programas de promoción interna. En todo caso, el procedimiento de acceso será el de concurso de méritos”*.

Así mesmo, o Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo, que regula o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas dos citados corpos, establece na súa Disposición adicional sexta (exención de pertenencia al cuerpo de Profesoras y Profesores Titulares de Universidad) que *“las personas candidatas podrán optar a la exención de pertenecer al cuerpo de Profesoras y Profesores Titulares de Universidad en las condiciones que establece el artículo 5”*.

O cambiante marco lexislativo exposto xera unha situación de inseguridade no colectivo de profesorado acreditado para os corpos docentes universitarios, no que atinxe ás súas expectativas de estabilización, promoción e funcionarización, ás que ten dereito consonte á *Ley Orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, del Sistema Universitario (LOSU), no eido nacional, e segundo á *Lei 2/2015*, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e á *Lei 6/2013*, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste contexto, cabe ter en conta que a devandita *Ley del Estatuto Básico del Empleado Público*,



no parágrafo segundo do seu artigo 69, sinala que “*las Administraciones Públicas podrán aprobar Planes para la ordenación de sus recursos humanos, que incluyan, entre otras, ... medidas de promoción interna*” e que “cada Administración Pública planificará sus recursos humanos de acuerdo con los sistemas que establezcan las normas que les sean de aplicación” (parágrafo terceiro), sendo o artigo 47 da citada Lei do emprego público de Galicia a norma reguladora dos plans de ordenación de recursos humanos no eido da función pública galega, incluíndo ás universidades públicas de Galicia (artigo 4.1º e).

II. ÁMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA.

Consonte ao marco regulador exposto, o presente documento establece un plan de medidas de promoción coa finalidade de regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas destinadas a acceder ao funcionariado nos corpos docentes da Universidade de Vigo mediante a súa convocatoria nas correspondentes Ofertas de Emprego Público. En concreto:

- a) Prazas de Catedrático de Universidade: para a promoción de Profesorado Titular de Universidade e de Profesorado Permanente Laboral que cumpra os requisitos indicados no artigo 71 da LOSU.
- b) Prazas de Profesor Titular de Universidade: para a promoción e estabilización de Profesorado Titular de Universidade interino, Profesorado Contratado Doutor, Profesorado Permanente Laboral (permanentes ou interinos), Profesorado Axudante Doutor ou Profesorado Distinguido, todos eles coa correspondente acreditación.

O devandito plan estará vixente ata que se esgote a orde de prelación á que se refire o apartado b) do punto seguinte.

III. OBXECTIVOS.

O presente documento pretende establecer un procedemento claro e estable no tempo para a promoción ao funcionariado do persoal docente contratado laboral e a promoción profesional do persoal docente funcionario fundamentado nos seguintes principios básicos:

- a) A promoción de cara a e dentro do funcionariado enténdese como un dereito esencial, de carácter individual, que corresponde a todo o profesorado a tempo completo da Universidade de Vigo que conte coa correspondente acreditación.
- b) O profesorado acreditado debe ter dereito a coñecer cando poderá facer efectivo o seu dereito á promoción, mediante o establecemento dunha orde prelación fixa de cara ás sucesivas convocatorias, que resulte da aplicación dun criterio claro e obxectivo.
- c) Como consecuencia do anterior, as situacións estruturais, como é o estado dos cadros de persoal das distintas áreas de coñecemento, non deben alterar a orde de prelación que resulte do indicado no principio anterior.

IV. MEDIDAS PREVISTAS E CRONOGRAMA DE IMPLANTACIÓN

1. Considerando os principios anteriores, establécese como procedemento para articular o



dereito á promoción do profesorado a tempo completo a prazas de funcionarios nos corpos docentes universitarios a elaboración de listaxes de acreditados, que se farán públicas, e nas que se incluíra ao profesorado que se atope na situación de promocionar segundo cada un dos dous casos indicados no punto anterior e solicite estar incluído nestas listaxes.

2. Estas listaxes determinarán, respectivamente, a orde de convocatoria de prazas de Catedrático de Universidade e Profesor Titular de Universidade, utilizando os seguintes criterios:

- Data de obtención da acreditación correspondente pola ANECA.
- No caso de igualdade no criterio anterior, antigüidade na categoría desde a que se promociona.
- En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
- No caso de igualdade nos catro criterios anteriores, a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do corpo da listaxe correspondente.

3. A Universidade de Vigo utilizará as listaxes ás que fai referencia o punto anterior para determinar as prazas concretas convocadas ao corpo de Catedráticos de Universidade e ao de Profesores Titulares de Universidade. Así, unha vez fixado o número de prazas a convocar para cada un dos corpos docentes, utilizarase a listaxe correspondente como orde de prelación para determinar as Áreas de Coñecemento nas que se procederá á convocatoria das citadas prazas. Cada unha destas prazas estará adscrita ao mesmo Centro e Campus que o estea a persoa que a xera.

4. As listaxes de acreditados actualizaranse anualmente. Para iso, a Universidade de Vigo establecerá alomenos dúas convocatorias anuais nas que o profesorado que se atope en situación de promocionar segundo os casos contemplados no apartado II e non estea incluído xa na listaxe, poderá solicitar a súa incorporación na mesma. Unha vez finalizada dita convocatoria, as persoas solicitantes serán incluídas ao final da listaxe correspondente, ordenadas entre elas segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes poderá solicitar ser eliminado das mesmas en calquera momento.

5. O profesorado incluído nalguna das listaxes de acreditados que, unha vez chegada a súa quenda, desista da convocatoria da praza correspondente pasará ao final da listaxe de acreditados/as.

6. Se o profesor/a cuxo posto na listaxe xera o dereito á convocatoria dunha praza non consigue dita praza no correspondente concurso, e non a estaba ocupando interinamente, procederase da seguinte maneira:

- O profesor/a que xerou a praza pasará a ocupar o posto na listaxe que ocupaba o profesor/a que conseguiu a praza, sempre que ambos pertencen á mesma Área de Coñecemento da Universidade de Vigo e se atopen na mesma listaxe.



- Se o profesor/a que consegue a praza non se atopaba na mesma listaxe e ocupaba unha praza con dedicación a tempo completo na mesma Área de Coñecemento da Universidade de Vigo, o profesor/a que xerou a praza poderá solicitar a súa inclusión de novo na listaxe en calquera das súas actualizacións posteriores, ocupando o posto que lle corresponda nesa actualización, segundo o establecido no punto 4.
- En calquera caso diferente dos dous anteriores, o profesor/a que xerou a praza non poderá solicitar a súa inclusión de novo en ningunha das listaxes ata pasados 3 anos desde a data de resolución da dita praza.

As convocatorias de prazas discrecionais (10% das prazas totais) establecerán as medidas oportunas para asegurar que os casos contemplados neste apartado non supoñan un aumento de desequilibrio entre a carga e a capacidade docente básicas da Área de Coñecemento nos diferentes Campus da Universidade de Vigo.

V. INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO.

O presente plan implementarase mediante a execución das correspondentes Ofertas Públicas de Emprego anuais, conforme ao disposto no artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como nas correspondentes leis anuais de Orzamentos do Estado e de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Ditas leis obrigan á solicitude de autorización de dita oferta, previa á súa publicación, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia. Dita solicitude debe incluír unha memoria económica que xustifique a asignación orzamentaria correspondente nos orzamentos da Universidade de Vigo, así como á súa inclusión na previsión de límite de masa salarial do exercicio correspondente e o mantemento do equilibrio económico-financeiro.

Disposición adicional

Co obxectivo de acadar o cumprimento do artigo 59 do Estatuto Básico del Empleado Público, cuxo texto refundido aprobouse polo Real Decreto-Lei 5/2015, que establece que cada Oferta de Emprego Público reserve unha cota das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, aquelas persoas que cumpran as condicións legais para optar á devandita reserva de prazas deberán aportar a documentación acreditativa de dita situación na correspondente convocatoria.

Disposición derogatoria

A presentes normas anulan calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se lle opoñan.

Entrada en Vigor

O plan establecido no presente documento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación por parte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

